

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAIDA

Data: 28/10/2015 14:02:27
11277/15

D. Julio Fernández González
matarpormatarnon@yahoo.es

Expediente: C.6.Q/12908/15

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2015

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á sinalización de camiños en batida e a caza en refuxios de fauna en Santo Estevo de Vilamoure.

Nesa queixa indicaba que presentou ante a Delegación de Medio Ambiente de Ourense denuncia por non sinalizar unha batida en Santo Estevo de Vilamoure por parte dos socios do TECOR San Trocado, conforme establece a lei de caza, e por cazar nos refuxios de fauna. Ante a resposta presentou recurso que alzada o 3 de marzo, cos argumentos que constan.


Ante iso requirimos, como vostede coñece, información á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que xa nola remitiu.

Sinalou que “o interesado considera que durante a citada batida os participantes infrinxiron os artigos 33.2 (sobre refuxios de fauna e 63.7 da Lei de Caza de Galicia, por non sinalizar a zona de caza, poñendo en grave risco aos demais cidadáns. Con data do 27/01/2015, o Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Ourense remite unha copia do escrito remitido por Julio Fernández e informa dos feitos denunciados aos axentes do distrito correspondente, achegando así mesmo copia da Resolución do 21 de marzo de 2006, onde consta polígono e parcela de cada un dos predios segregados do Tecor e declarados refuxio de fauna e un mapa en color coa localización da maioría destes predios. Solicitase aos axentes que evacúen un informe de campo sobre a correcta sinalización das referidas parcelas e que se leven a cabo os controles das cacerías celebradas nesta zona do Tecor. Con data do 02/02/2015 (registro de entrada 1220), Julio Fernández envía un novo escrito no que aos efectos de documentar a denuncia presentada con data 26 de xaneiro, achega un vídeo onde, segundo a súa opinión, se proba que a batida non estaba sinalizada conforme ao disposto no artigo 63.7 da Lei de Caza de Galicia. O 18/02/2015 os axentes de medio ambiente correspondentes informan de que, feitas as inspeccións oportunas sobre o terreo,

se comprobou que moitas das parcelas que figuran na Resolución do 21 de marzo de 2006 e no plano achegado non se atopan sinalizadas. Informan así mesmo da existencia de sinalización noutras parcelas non incluídas referida resolución (polo tanto non segregadas) e que se atoparon unhas poucas sinais localizadas nos predios correctos, pero indebidamente colocadas por encontrarse cravadas en árbores. Informan así mesmo de que nos planos presentados xunto co Plan de aproveitamento anual do Tecor, non aparecen incluídas estas zonas de exclusión representadas. A vista do exposto no informe dos axentes, a xefatura territorial desta consellería en Ourense remitiu un escrito a Julio Fernández González con data do 24 de febreiro de 2015, comunicándolle a incorrecta sinalización das zonas de exclusión e indicándolle que para poder proceder a calquera actuación sobre os cazadores é necesario que esta sinalización sexa a adecuada, solicitando así mesmo que se retiren as sinais indebidamente colocadas. O 4 de marzo de 2015, Julio Fernández González interpón un recurso de alzada contra o escrito referido no apartado anterior, mostrando a súa desconformidade e solicitando que se revisen as probas aportadas e se actúe contra os infractores.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS. A Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia establece o seguinte: — O artigo 63.7 indica que "nas monterías será obrigatorio sinalizar os camiños de uso público que se internen na zona onde se desenvolve a actividade. No caso das batidas o réxime de sinalización se determinará regulamentariamente". - O artigo 33.2 indica que nos refuxios de fauna a caza estará permanentemente prohibida, sen prexuízo de que por circunstancias especiais a consellería competente en materia de caza poida executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais. — O artigo 17, establece que os/as titulares dos terreos que non cederon o dereito cinético de xeito expreso a favor do/da titular ou titulares do tecor conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos. No seu punto 2 indica ademais que o exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza entenderase expresado de modo manifesto pola colocación de sinais perfectamente visibles que prohiban a entrada nel, con carácter xeral ou para a práctica da caza en particular, colocados no perímetro ou nos accesos practicables do respectivo terreo.

CONCLUSIÓNS. 1. Sen prexuízo de que as normas de seguridade para as batidas establecidas no Anexo III do Decreto 284/2011, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia deben ser observadas en todas as accións de caza deste tipo autorizadas, os criterios de sinalización establecidos na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, non están aínda determinados regulamentariamente para o caso concreto das batidas, polo que os termos formulados nesta queixa non constitúen un suposto de infracción. 2. Para poder iniciar calquera actuación sobre os cazadores, sería necesario así mesmo unha correcta sinalización das zonas de exclusión. 3. A consideración destes terreos como refuxio de fauna, derivouse dunha resolución de segregación do 21 de marzo de 2006, ditada ao abeiro da lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, ao cualificarse como terreos cinéticos nos que está prohibido a caza ao non ter una superficie continúa de 500 ha. Este réxime resultou parcialmente alterado coa entrada en vigor da nova regulación en materia de caza operada



pola Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, xa que logo, non pode considerarse os terreos como refuxio de fauna en tanto non medie unha resolución expresa en tal sentido (orde da persoa titular da consellería competente en materia de caza), o que motiva a súa cualificación como zonas de exclusión, máxime cando se trata de terreos segregados a instancia dos seus propietarios. Os artigos 9 e 17 da lei 13/2013, do 23 de decembro, consideran como zonas de exclusión os terreos sometidos a réxime cinxético común que presenten una superficie inferior a 500 ha, nos cales o exercicio da caza está prohibido (artigos 9 e 17), supostos nos que a obriga de sinalización corresponde ao titular do terreo. 4. Finalmente compre referir o escrito de interposición de recurso de alzada presentado con data do 4 de marzo de 2015 por Julio Fernández González, contra o escrito do 22 de febreiro de 2015 do xefe do Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Ourense, recurso que está actualmente pendente da súa resolución”.

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe, dedúcese que a consellería respondeu á denuncia promovida na forma indicada. Sinalou que no relativo á sinalización dos camiños de uso público que se internen na zona da actividade, nas batidas o réxime de sinalización se determinará regulamentariamente, o que non se fixera aínda, segundo se di. Porén, non se aclara en que afecta a previsión xeral vixente, en concreto o art. 89 do regulamento de caza, que establece con carácter xeral que os camiños son zonas de seguridade e que deben estra debidamente sinalizados.

Tamén sinala que a sinalización dos espazos excluídos debера ser responsabilidade dos propietarios (incorrecta sinalización das zonas de exclusión; para poder proceder a calquera actuación sobre os cazadores é necesario que esta sinalización sexa a adecuada; solicitouse que se retiren as sinais indebidamente colocadas).

Diso deduce que non pode sancionar. Porén, engade que a resolución do recurso “se vai producir ao longo dos próximos días e logo da notificación ao interesado lle será remitida tamén unha copia a esa institución”. No entanto, iso non se deu, despois dun tempo considerable.

Polo anterior o día de hoxe de novo nos diriximos á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co fin de requirir que con urxencia se facilite aclaración sobre os extremos mencionados, en concreto sobre a responsabilidade da colocación dos sinais que afectan aos camiños públicos tanto antes da norma actual como agora; sobre se considera que son responsabilidade dos propietarios dos terreos excluídos na resolución de 2006 a colocación dos sinais; sobre se entende que esa resolución quedou sen efecto polo cambio de lei e derogou a exclusión vixente; sobre o finalmente resolto no recurso; e sobre as demais circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. Axiña recibamos o preceptivo informe complementario poñerémonos de novo en comunicación con vostede, dándolle conta da nosa actuación e a ser posible da solución do problema.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente,

Milagros Otero

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

